

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu voceiro Luís Villares Naveira e das súas deputadas Carmen Santos Queiruga e Paula Quinteiro Araujo e dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, **sobre a mobilización de bombeiros forestais en situacións de emerxencia meteorolóxica**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Contexto.

A finais de xaneiro e principios de febreiro de 2017 unha serie de fenómenos meteorolóxicos extremos, cada vez máis recorrentes en época invernal, determinaron a concorrencia dun auténtico caos.

Unha compoñente esencial dese caos veu determinada pola incapacidade do Goberno galego de poñer as institucións e medios dos que dispón ao servizo das necesidades da xente.

Neste contexto, a Asociación de Bombeiros Forestais de Galicia denunciou que os medios públicos non foron mobilizados de xeito extraordinario para facer fronte ás consecuencias dos temporais.

En efecto, numerosas brigadas e vehículos motobomba estiveron parados nas súas bases e non foron informados, nin menos aínda mobilizados, ante a alerta de riscos por temporal. Mentres os servizos municipais estaban desbordados, o

parque de bombeiros forestais, co seu persoal ben formado e con medios materiais, non foi mobilizado de xeito especial para esta ocasión.

A Xunta, incomprensiblemente, non aproveita o potencial dos recursos cos que conta. Estes profesionais, como eles mesmos reclaman, poderían estar buscando ás persoas desaparecidas no monte – o medio que mellor coñecen- , liberando camiños e estrada de árbores, ou atendendo asolagamentos en vías públicas e garaxes.

Esta actitude incrementa o sufrimento da poboación polas consecuencias derivadas do temporal. Non é só o corte de luz, é o frío, é a perda de alimentos, é a parálise da vida diaria, é a posta en risco da vida das persoas.

2. Medios mobilizables.

Por iso dende En Marea consideramos imprescindible a mobilización total dos recursos dispoñibles no Parque de Bombeiros Forestais de Galicia sempre que se produza a alerta meteorolóxica por fenómenos extremos, para prever e paliar as consecuencias dunha situación cada vez máis frecuente na invernia galega.

Doutra banda, o sector dispón dunha importante bolsa de traballadores/as fixos-descontínuos que poden ser mobilizados para atender as situacións de emerxencia meteorolóxica.

A maiores, a existencia de protocolos de actuación coordinada con medios extraordinarios mobilizados do resto de corpos de emerxencias de Galicia redundaría nun máis áxil restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade, especialmente no medio rural.

Polo exposto presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á adopción das seguintes accións:

1. Mobilización total dos recursos dispoñibles no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta de Galicia, sempre que exista alerta por fenómenos meteorolóxicos extremos;
2. Contratación dos profesionais fixos-descontinuos dispoñibles durante todo o tempo de duración da alerta e as consecuencias dos temporais;
3. Aprobación dun protocolo de actuación coordinada que teña en conta a todos os recursos materiais e persoais dispoñibles, computados en estado de mobilización extraordinaria, de todos os corpos de emerxencias de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Carmen Santos Queiruga

Paula Quinteiro Araujo

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando.

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

